

EXPTE NÚM: 1409/2020

DECRETO ALCALDÍA

Antecedentes

Bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego do medio rural (APROL RURAL 2020) (DOG Núm 18 de 28 xaneiro de 2020).

Resolución do xefe territorial da Consellería de Emprego e Economía Social pola que se concede a subvencións para o fomento do emprego no medio rural 2020 (TR351G) para a contratación de traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “LIMPEZA E MELLORA DAS VÍAS DE ACCESO AOS MONTES NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS”, pola que se concede ao Concello de Caldas de Reis a cantidade total de 13.1750€, para a contratación laboral de 1 traballador/a desempregado , durante 9 meses a xornada completa.

Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal, (en relación a resolución de concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural) para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis

Informe desfavorable de secretaría e intervención municipal.

Decreto alcaldía núm. 2020-0857, de 18/06/2020, polo que se aproban as bases de selección de persoal Aprox Rural 2020.

Relación de candidatos remitida polo Servizo Público de Emprego o 19 de xuño de 2020, oferta de emprego de **PEON OBRA PÚBLICA**.


De conformidade co disposto nas citadas bases, e en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Requirir ás persoas remitidas pola Oficina de Emprego para que presenten no rexistro xeral do Concello ata as 14 horas do día **25 xuño de 2020**, a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



- Autorización ao Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos achegados nos apartados anteriores.
- Documentación para valorar os aspectos do apartado 8.2 das citadas bases.

SEGUNDO.- Convocar aos aspirantes para a realización da **proba práctica e entrevista**, na **nave do servizo de obras do concello**, sito no Lugar de Somonte S/N, o **26 de xuño de 2020, as 9.00 horas** da mañá. Os aspirantes deben acudir provistos do D.N.I. e das medidas de protección polo COVID 19.

TERCEIRO.- Nomear ao Tribunal de selección que estará integrado polos seguintes membros:

- **Presidente:**
D. Adolfo Méndez Baliñas, Operario Conductor no Concello de Caldas de Reis.
Suplente:
D. Carlos González Iglesias, Fontaneiro no Concello de Caldas de Reis
- **Vogais:**
D. Jesús Magariños Fresco, Educador Familiar no Concello de Caldas de Reis.
Suplente:
D. Fernando Arca Casal, Operario de Servizos Múltiples no Concello de Caldas de Reis.
D. Nemesio Méndez Piñeiro, Operario de Servizos Múltiples no Concello de Caldas de Reis.
Suplente:
D. Gerardo Cancela Guimarey, Operario de Servizos Múltiples no Concello de Caldas de Reis.
- **Secretaria:**
D^a. Ana Isabel Fuentes Maquieira, Axente de Igualdade no Concello de Caldas de Reis.
Suplente:
D^a. Cristina Diz Pereira, Administrativa no Concello de Caldas de Reis.

Os membros do Tribunal terán voz e voto, excepto a secretaria que terá voz, mais non voto.

CUARTO.- Notificar o presente decreto e convocar aos membros do Tribunal para o vindeiro venres, **26 de xuño** para as 08:45 horas **nave do servizo de obras do concello**, sito no lugar de somonte s/n para a constitución do Tribunal e a continuación terá lugar a proba práctica e a entrevista curricular.

QUINTO.- Ordenar a publicación da presente Resolución.

O Alcalde
Juan Manuel Rey Rey

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393

